



# ACRUAGA

Asociación de CC.RR. Vitivinícolas Gallegos y de las II.GG. Aguardientes y Licores Tradicionales de Galicia

Un total de 25 membros do eido dos viños e licores galegos completan con éxito o *I Programa Superior en Dirección e Xestión de Empresas Vitivinícolas*

- *A acción formativa, impulsada pola Asociación de Consellos Reguladores Vitivinícolas Galegos e das II.GG Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (Acruga), contou co apoio do IGAPE e foi realizada en colaboración coa Galicia Business School*

**Laias (Ourense), 07 de marzo de 2022.-** O *I Programa Superior en Dirección e Xestión de Empresas Vitivinícolas* da Galicia Business School foi clausurado esta mañá no Hotel Balneario de Laias. O programa, impulsado pola Asociación de Consellos Reguladores Vitivinícolas Galegos e das II.GG Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (Acruga), contou co respaldo do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e foi completado con éxito por 25 persoas cuxa actividade profesional está ligada aos sectores do viño ou dos licores galegos.

Tal e como destacou no acto de clausura o presidente de Acruga, Juan Gil de Araujo, esta acción formativa evidencia a aposta que o eido do viño, das augardentes e dos licores tradicionais galegos realiza pola formación tanto para xerentes e propietarios de adegas como para traballadores.

En total, o programa ofertou 25 prazas que foron todas cubertas. O programa perseguía o obxectivo de favorecer a competitividade e a internacionalización das empresas vitivinícolas galegas, e tamén do sector da augardente e dos licores tradicionais.

## Formación e promoción

Potenciar a formación nos seus sectores de actividade e promover a internacionalización das adegas e empresas produtoras e comercializadoras de destilados galegos son dous dos obxectivos estatutarios da recién creada Acruga.

O mes pasado, de feito, da man desta asociación que engloba aos consellos reguladores do viño, augardente e licores tradicionais de Galicia, un total de 100 adegas e 10 empresas comercializadoras participaron na feira Vinexpo, unha das máis importantes do sector vinícola de cantas se realizan en Europa.

## Sobre ACRUAGA

A Asociación de Consellos Reguladores do Viño, Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (ACRUAGA) constituíuse para dar cobertura a un convenio de colaboración suscrito entre os cinco consellos reguladores vitivinícolas e o das augardentes e licores tradicionais de Galicia co IGAPE, co obxectivo de promocionar internacionalmente os viños e destilados amparados baixo os selos de calidade diferenciada de Galicia.



# ACRUAGA

Asociación de CC.RR. Vitivinícolas Gallegos y de las  
II.GG. Aguardientes y Licores Tradicionales de Galicia

A entidade impulsa accións de formación e difusión dos produtos amparados polos seis organismos integrados na iniciativa: os consellos reguladores de Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras -no caso dos viños- e Aguardientes e Licores Tradicionais de Galicia.